

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Infraestructuras e Mobilidade

Coruña "Cidade 30"

DECLARACIÓN CORUÑA CIDADE 30

EDICTO

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 20 de maio do 2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo extraído do tenor literal da acta da dita sesión:

“Primeiro.- Fixar os seguintes límites de velocidade nas vías urbanas do termo municipal da Coruña, de acordo co plano 3'''' que consta no expediente (CSV: 3A44 1L4J2B6A4B6B0CIC):

1.- O límite xenérico de velocidade será de 30 km/h.

2.- As vías urbanas de dous ou máis carrís por sentido de circulación poderán ter unha limitación de 50 km/h; naquelas cuxa configuración o permitan, poderanse implantar carrís con limitación de velocidade a 30 km/h.

3.- Nas vías de plataforma única de calzada e beirarrúa, a limitación de velocidade será de 10 km/h; no caso de que circule o transporte público de viaxeiros, poderase incrementar a 20 km/h.

Segundo.- Dispoñer que as anteriores limitacións de velocidade entren en vigor en cada unha das vías no momento da súa sinalización.

Terceiro.- Facultar ao Concelleiro de Urbanismo, Infraestructuras, Vivenda e Mobilidade para que poida modificar os límites establecidos no apartado primeiro segundo as circunstancias que poidan concorrer.

Cuarto.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal e na web de Mobilidade, para a súa difusión pública e xeral coñecemento.”

O que se publica para a súa eficacia, así como para a correspondente sinalización, coa finalidade de garantir en cada momento o coñecemento xeral dos límites de velocidade fixados e para a súa difusión e para facer efectivo o seu cumprimento.

A Coruña, 21 de maio do 2020

A ALCALDESA,

PD. (Decreto de delegación de 26 de xuño de 2019 (BOP núm. 124 de 03.07.2019)

A Directora de Infraestructuras e Mobilidade

Elvira Quinteiros Lorenzo

2020/2903